



# O Antropocentrismo «situado» do papa Francisco

---

Francisco Díaz-Fierros Viqueira<sup>1</sup>

## Introdución

Non é moi frecuente que nun prazo relativamente curto, aparezan dous documentos pontificios (unha encíclica e unha exhortación apostólica) que traten sobre o mesmo tema. Pero así aconteceu entre a *Laudato si'*, do 2015 e a *Laudate Deum* do pasado ano, nas que o Papa Francisco nos alertaba sobre o grave problema da crise ecolóxica actual, sobre todo no relativo ao cambio climático<sup>2</sup>. Nunha linguaxe directa e mesmo enfática, animábanos a todos os homes de boa vontade e, loxicamente cunha maior forza os que profesamos a fe católica, a coidar da «Casa Común» na que os graves danos ambientais que se están a producir dun xeito crecente, están a xerar serias e mesmo insoportables desigualdades nos seus habitantes. Eses dous documentos poden ser obxecto de múltiples lecturas e ensinanzas, dado o carácter global do seu enfoque e os variados aspectos nos que pode ser abordada a crise ambiental e climática, pero neste caso ímonos centrar só na súa relación coas grandes correntes do pensamento ambiental actual: antropocentrismo, biocentrismo e ecocentrismo. Esta cuestión non foi moi tratada<sup>3</sup> nos múltiples e abondosos comentarios que sus-

---

1 Francisco Díaz-Fierros Viqueira é membro de número da RAG, Catedrático emérito da USC e académico numerario da Real Academia de Farmacia, Sección de Galicia.

2 Mesmo a carta dirixida polo Papa ao cumio climático COP28 de Dubai, do 2 de decembro do 2023, podería incluírse dentro deste conxunto de documentos pontificios.

3 Poderían ser unha excepción desta escaseza en idioma castelán os traballos de Sequeiros, L. (2021) e Beorlegui, C (2021).